

D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ GARCÍA, en calidade de SECRETARIO DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN da entidade mercantil unipersoal INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A., con C.I.F. A-15683477, e inscrita no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela baixo a folla SC- 21.392, Tomo 2180, Folio 201

CERTIFICA:

Que o Consello de Administración da empresa municipal Información e Comunicación Local, S.A. (INCOLSA), na sesión ordinaria de data 19 de setembro de dous mil vinte e cinco, adoptou, no punto 2 da orde do día, os seguintes acordos:

- Aprobar a convocatoria dun procedemento interno de concorrencia restrinxido ao persoal fixo-descontinuo de INCOLSA para a cobertura dunha praza de persoal de información de carácter fixo.
- Aprobar as bases que recollen os criterios de selección que rexerán o concurso de valoración de méritos.
- Habilitar á Directora-Xerente para ditar os actos e disposicións necesarias que requira o desenvolvemento do procedemento.

As bases aprobadas incorpóranse anexas a esta certificación.

E para que conste aos efectos oportunos expido a presente de orde e co Visto e Prace da Sra. Presidenta en Santiago de Compostela,

Vº e prace

O Secretario

María Goretti Sanmartín Rei
Presidenta Consello de Administración

José Manuel González García

BASES DA CONVOCATORIA PARA CUBRIR UNHA PRAZA VACANTE DE PERSOAL LABORAL FIXO A XORNADA ANUAL COMPLETA, NA CATEGORÍA DE INFORMADOR/A TURÍSTICO/A (GRUPO II), RESTRINXIDA AO PERSOAL FIXO-DESCONTÍNUO DA MESMA CATEGORÍA.

Primeira.– Obxecto e ámbito de aplicación

As presentes bases regulan o procedemento interno de concorrncia para cubrir unha praza vacante de persoal laboral fixo a xornada anual completa, na categoría de Informador/a Turístico/a (grupo II), restrinxida ao persoal fixo-descontinuo da mesma categoría.

Segunda.– Sistema de selección

O sistema será o concurso de valoración de méritos.

Os méritos a valorar serán os alegados e acreditados documentalmente polas persoas aspirantes na instancia de participación e ata o momento de presentación desa instancia -Anexo I-, sen que poidan tomarse en consideración os alegados con posterioridade á finalización do devandito prazo.

Non se valorarán os méritos que non foran debidamente alegados e acreditados.

Terceira.– Requisitos

- a) Ter contrato laboral fixo-descontinuo en vigor con INCOLSA na categoría de Informador/a Turístico/a (grupo II).
- b) Manifestar dispoñibilidade para a prestación do traballo a xornada completa e en quendas rotatorias.
- c) Non atoparse inhabilitado/a para o desempeño de emprego público.

Cuarta.– Solicitudes

As persoas que desexen formar parte da Convocatoria deberán facelo constar mediante a presentación da instancia recollida no Anexo I, nas oficinas de INCOLSA, situada na Rúa do Vilar, núm. 63, CP-15705 de Santiago de Compostela, con horario de apertura de luns a venres de 9:00 a 13:00. No suposto de presentación ante unha oficina de Correos se deberá remitir, con anterioridade a que finalice o prazo de presentación de instancias, copia do resgardo que xustifique ter efectuado debidamente o envío á seguinte dirección de correo electrónico contratacion@santiagoturismo.com.

O prazo de presentación da solicitude será de 10 días hábiles seguintes á comunicación da convocatoria aos interesados e á representación legal dos traballadores.

Os/As candidatos/as achegarán coa solicitude de participación (Anexo I) a documentación do cumprimento dos requisitos e méritos, sen prexuízo do sinalado no apartado sétimo destas bases.

Quinta.– Comisión de Valoración

Estará formada por tres membros titulares e tres suplentes, a designar pola Dirección de INCOLSA xunto coa convocatoria.

Sexta.– Valoración (máx. 100 puntos)

A. Experiencia (máximo 60 puntos):

I. Por servizos prestados en postos con idénticas funcións en Oficinas de Información Turística de titularidade pública municipal na cidade de Santiago de Compostela: 0,5 puntos por cada mes de servizo completo ou fracción.

II. Por servizos prestados en postos con idénticas funcións noutras Oficinas de Información Turística de titularidade pública: 0,15 puntos por cada mes de servizo completo ou fracción.

III. Por servizos prestados no eido privado realizando tarefas de información e comercialización turística en axencias de viaxe: 0,10 puntos por cada mes de servizo completo ou fracción.

Os méritos relativos á experiencia laboral deberán acreditarse mediante un Informe de Vida Laboral expedido pola Entidade Xestora da Seguridade Social onde consten os períodos traballados e os grupos de cotización, xunto cos contratos de traballo e/ou certificacións dos servizos prestados subscritas polo órgano competente nas que consten, posto de traballo desempeñado, datas de prestación de servizos e categorías profesionais no caso de que non se presente o contrato de traballo.

B. Idiomas (máximo 35 puntos): Resultará obrigatorio acreditar, polo menos, o coñecemento de dous idiomas oficiais distintos do castelán e do galego:

I. Coñecemento obrigatorio de inglés nivel Intermedio B2: 15 puntos.

II. Coñecemento obrigatorio de alemán ou francés nivel Intermedio B2: 15 puntos.

III. Valorarase o coñecemento doutros idiomas nun nivel Intermedio B2: 0,5 puntos por idioma adicional.

A documentación acreditativa para xustificar o nivel do idioma realizarase mediante a aportación do Certificado expedido pola Escola Oficial de Idiomas ou por outro organismo oficial recoñecido. Para as correspondentes equivalencias estarase ao disposto no Anexo II do Real Decreto 1041/2017, do 22 de decembro, polo que se fixan as esixencias mínimas do nivel básico a efectos de certificación, establécese o currículo básico dos niveis Intermedio B1, Intermedio B2, Avanzado C1, e Avanzado C2, dos Ensinos de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, e establécense as equivalencias entre os Ensinos de idiomas de réxime especial reguladas en diversos plans de estudos.

Se exceptúa da obriga de aportar a documentación referenciada a quen xa teña acreditado en INCOLSA o coñecemento dos idiomas obrigatorios alegados mediante proba fidedigna por ter superado un procedemento de selección na empresa municipal con posterioridade ao ano 2016 e convocado para a cobertura de postos con desenvolvemento de idénticas funcións.

C. Formación (máximo 5 puntos): Neste apartado valoraranse a posesión de titulacións académicas distintas da esixida como requisito específico de acceso. No caso de que un mesmo mérito de formación se poña de manifesto en distintos títulos ou certificados de idéntico ou similar contido, o devandito mérito valorarase por unha soa vez, no apartado no que obteña maior puntuación.

I. Posgraos Universitarios ou Mestrados Universitarios Oficiais, de 60 ou máis créditos ECTS, cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións do posto de traballo a desempeñar, impartidos por entidades públicas ou entidades de interese público (máximo 1 punto):

- a. Posgraos ou Mestrados Universitarios de 120 crds. ECTS: 1 punto.
- b. Posgraos ou Mestrados Universitarios de 90 crds. ECTS: 0,75 puntos.
- c. Posgraos ou Mestrados Universitarios de 60 crds. ECTS: 0,50 puntos.

II. Habilitación como Guía de Turismo de Galicia: 1 punto.

Sétima.– Acreditación dos méritos alegados

Os/as aspirantes están exceptuados de achegar toda aquela documentación xustificativa dos méritos alegados que obre en poder de INCOLSA, en razón da participación dos/as aspirantes en anteriores procesos selectivos. A demais documentación xustificativa deberá ser achegada coa solicitude de participación conforme ao Anexo I destas bases.

Sen prexuízo do anterior, a Comisión de Valoración poderá requirir das persoas candidatas, en calquera momento do proceso, aquela documentación que estime necesaria e non obre en poder de INCOLSA.

Oitava.- Desenvolvemento do proceso

Unha vez publicadas pola Comisión de Valoración as puntuacións provisionais, os/as candidatos/as disporán dun prazo de 3 días hábiles para formular alegacións.

A Comisión de Valoración fará públicas as puntuacións definitivas, ordenadas por orde decrecente de resultado, e propondrá o nomeamento do candidato/a que obtivera a maior puntuación.

En caso de producirse un empate nas puntuacións obtidas trala aplicación do baremo de méritos, resolverase a favor da persoa aspirante que obtivese a maior puntuación na fase de concurso no relativo á experiencia profesional.

Oitava.– Formalización

Información e Comunicación Local, S.A. formalizará co/a candidato/a proposto/a novación ou conversión do actual contrato de traballo fixo-descontinuo en contrato de traballo fixo ordinario.

Novena.- Recursos.

Contra as presentes bases poderase presentar reclamación perante o órgano que as aproba, o Consello de Administración de INCOLSA, no prazo de 1 mes a partir do día seguinte á súa comunicación aos interesados, sen prexuízo de calquera outro recurso que se estime procedente. A xurisdición social é a competente para resolver os conflitos derivados dos actos preparatorios para o acceso de persoal laboral ao sector público e para resolver as controversias derivadas do contrato de traballo.

ANEXO I – MODELO DE SOLICITUDE

D./D^a

DNI

Enderezo a efectos de notificacións:

.....

Teléfono Correo electrónico

EXPÓN:

Que desexa participar na convocatoria do procedemento interno de concorrència para a cobertura dunha praza de persoal laboral fixo a xornada anual completa na categoría de Informador/a Turístico/a, publicada por Información e Comunicación Local, S.A., cuxas bases coñece e acepta.

DECLARA:

I.- Que reúne todos os requisitos establecidos nas bases.

II.- Que os méritos de experiencia, idiomas e formación que acredita son os seguintes:

Mérito	Relación	Puntuación
Experiencia		
Idiomas		
Formación		

III.- Que achega a seguinte documentación (no seu caso, indicar aquela documentación que obre en poder de Información e Comunicación Local, S.A.):

- Experiencia profesional (Informes de vida laboral, contratos, ...)
- Idiomas
- Formación (Posgraos Universitarios ou Mestrados Universitarios Oficiais e habilitación Guía Turismo Galicia)
- Outra documentación

SOLICITA:

Ser admitido/a no proceso.

En, a ... de de 2025

Asdo.:

ANEXO II – MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D^a
DNI

Enderezo a efectos de notificacións:

.....
Teléfono Correo electrónico

DECLARA:

- 1.- Cumprir cos requisitos de admisión.
- 2.- Non estar separado/a nin inhabilitado/a para emprego público.
- 3.- Non estar afectado/a por incompatibilidades legais.
- 4.- Non padecer enfermidade ou limitación para o posto
- 5.- Coñecer que a falsidade ou falta de acreditación suporá exclusión do proceso.

E MANIFESTA a súa dispoñibilidade para a prestación do traballo a xornada completa e en quendas rotatorias.

En, a ... de de 2025

Asdo.: